



4º, 5º, 6º EP

Xuño 2021

## 4º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués



AS IMAXES DO PATRIMONIO

O Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI) é un conxunto inmenso de expresións herdadas do pasado que tiñan presenza nos recordos das persoas que os vivían e se encargaban de transmitilos ás seguintes xeracións. Coa aparición da fotografía moitas desas expresións pasaron a ter unha realidade física máis aló da mente das persoas. Dende principios do século moitas foron as imaxes que se tomaron das expresións culturais espalladas ao longo da Eurorrexión Galicia e Norte de Portugal.



4º CERTAME DE RECOLLA DAS IMAXES DO PATRIMONIO INMATERIAL GALEGO-PORTUGUÉS



AS IMAXES DO PATRIMONIO

PNO! 25

PONTE...NAS ONDAS!

[www.pontenasondas.org](http://www.pontenasondas.org)

PATRIMONIO INMATERIAL  
GALEGO-PORTUGUÉS



«PODCASTS»



ADA JIMÉNEZ BLANCO



ALBA ESTÉVEZ SALGADO



ALFONSO RODRÍGUEZ COLMENERO



ÁNXELA ALVAR PÉREZ



CORA SOBRINO REBOREDO



DARÍO FRÁGUAS RODRÍGUEZ



ELIÁN GONZÁLEZ MARTÍNEZ



HUGO SOBRINO REBOREDO



INÉS SAÍNZ CASANOCA



JIMENA MARTÍNEZ GARCÍA



MARTA RIVERO FERREIRA



PABLO DIÉGEZ ARAUJO



XABIER BLANCO BLANCO

## 4º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts do Património Inmaterial Galego-Portugués



CEIP O Castiñeiro 2021

Esta fotografía toma a imaxe dunha voda, a de Marina e Gustavo. Está feita no ano 1.968 na aldea de Matamá, Laza (Ourense); a persoa que tomou a foto foi José Collazos, coñecido como o “Retratista de Matamá”. A imaxe está realizada dende a igrexa e vense todos os invitados. No centro da foto está a noiva, cun vestido branco e acompañada polo seu tío Miguel, que é a persoa que se atopa a dereita da noiva, e sería o padriño; a esquerda da noiva podemos ver a miña tía Lola, cando aínda era unha rapazola. Á dereita da foto atópase o noivo, vestido cun traxe negro, garabata e unha flor branca na chaqueta, está acompañado pola tía Delia a esquerda, que sería a súa madriña; o resto de persoas son algúns dos invitados a voda.

ADA JIMÉNEZ BLANCO

CEIP O CASTIÑEIRO

988422014

## 4º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts do Património Inmaterial Galego-Portugués



CEIP O Castiñeiro 2021


Nesta fotografía, tomada o Día do Corpus do ano 1953, aparecen os 23 rapaces e rapazas (entre elas a miña avoa Josefa González) que acababan de recibir a Primeira Comunión na Igrexa de Laza. Xunto a eles están as 3 catequistas, a súa profesora Dna. Consuelo e o párroco Don Bernardino. Este organizaba unha celebración moi bonita: os pais decoraban a igrexa con flores e os bancos con sabas brancas, os nenos recitaban versos e despois da misa facíase unha gran chocolatada con xogos para a rapazada. A ofrenda da miña avoa dicía así: "Como soy tan pequena tengo tan poquita voz grito con todas mis fuerzas, ¡viva la madre de Dios!" Naquela época a misa era só en castelán. Por último, esta foto dos meniños coa imaxe do Neno Xesús foi realizada por un veciño do concello chamado Don José Collazos "o retratista de Matamá"

ALBA ESTÉVEZ SALGADO

CEIP O CASTIÑEIRO

988422014

4º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts  
do Património Inmaterial Galego-Portugués



CEIP O Castiñeiro 2021

Esta foto foi feita en Zaragoza no cuartel, onde o meu bisavó Agustín Rodríguez López no ano 1956 fixo o servizo militar. Estivo de barbeiro dos compañeiros e mandos durante ano e medio.

ALFONSO RODRÍGUEZ COLMENERO

CEIP O CASTIÑEIRO

988422014

## 4º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts do Patrimonio e Inmaterial Galego-Portugués



CEIP O Castiñeiro 2021

Esta foto foi feita en 1963 no hospital de San Lorenzo en Barcelona. Fixeron a foto de recordo do día que visitaron a meu avó no hospital. Na foto aparecen: meu avó Raúl, Rosa, Juan e Enrique. A foto foi feita por un home chamado Juan. Meu avó aínda tardou tempo en saír do hospital, xa que o accidente fora moi forte, tan forte que estiveron a punto de enterralo senón fora por un amigo que foi visitalo e deuse conta que estaba vivo. Agora está xa na casa e querémolo moito.

ÁNXELA ALVAR PÉREZ

CEIP O CASTIÑEIRO

988422014

## 4º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts do Patrimón o Inmaterial Galego-Portugués



CEIP O Castiñeiro 2021

Esta fotografía fíxose en Laza no lugar de Barrio , no ano 1962 . Nela aparece a miña avoa paterna, que se chama Rosa, é a que está pasando o ferro. A foto foi feita no verán por un veciño do pobo que tiña cámara e que lle gustaba facer fotos. O resto das mulleres que aparecen están cosendo porque estaban nun taller de costura. Fixeron a foto polo feito de que querían ter un recordo daquel día.

CORA SOBRINO REBOREDO

CEIP O CASTIÑEIRO

988422014

4º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts  
do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués



CEIP O Castiñeiro 2021

O que aparece sentado é meu bisavó. Estaba facendo a mili e tocoulle viaxar ata Marrocos durante a guerra do Riff en 1923. Estas fotos facíanse para mandar as familias para que estiveran tranquilos.

DARÍO FRAGUAS RODRÍGUEZ

CEIP O CASTIÑEIRO

988422014



4º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts  
do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués



Nesta fotografía aparece meu tataravó Luís Sabariz Pérez en Melilla no ano 1911, un ano despois da guerra de Melilla. Foi chamado a facer a mili xusto durante a guerra de Melilla; estando alí case todos os seus compañeiros morreron no tristemente célebre Barranco do Lobo, no cal faleceron mais de 1000 soldados no 27 de xullo de 1909 por un ataque dos rifeños. El, en cambio, tivo que quedarse no cuartel por unha indisposición que lle salvou a vida. Esta fotografía foi tomada por un fotografo a petición del, para ter un recordo desa guerra. Uns anos despois voltou para a súa casa en Castrelo Do Val, onde morreu aos 93 anos na mesma casa en que eu din os meus primeiros pasos.

ELIÁN GONZÁLEZ MARTÍNEZ

CEIP O CASTIÑEIRO

988422014

4º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts  
do Património Inmaterial Galego-Portugués



CEIP O Castiñeiro 2021

Esta fotografía está feita entre o ano 1915 e o 1916. Nela aparecen o meu tataravó por vía paterna e máis un amigo del. O meu tataravó e o que leva o traxe de raias , e chamábase Francisco Diz. A foto fíxoa un tal Paspertut Díaz, o más rico do pobo, en Cuba. Os que saen na foto quixérona facer para ter un recordo de onde estiveran eles e así os seis descendentes os lembrases.

HUGO SOBRINO REBOREDO

CEIP O CASTIÑEIRO

988422014

4º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts  
do Patrimón o Inmaterial Galego-Portugués



Esta é a miña avoa cando fixo a Primeira Comunión. Tiña 7 anos celebrouse en Trez, no concello ourensán de Laza o 25 de xullo de 1961. A foto sacouna o Retratista de Matamá. Ese día miña avoa pasouno xenial. Nunca o esquecerá!.

INÉS SAÍNZA CASANOVA

CEIP O CASTIÑEIRO

988422014



CEIP O Castiñeiro 2021



4º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts  
do Patrimón o Inmaterial Galego-Portugués

A foto foi feita por José Collazos, o "retratista" de Matamá, un fotógrafo moi coñecido da zona. Foi feita en Matamá alá polo 1929/1930. Na foto sae o avó da miña nai, Francisco García Fernández co uniforme de soldado. Fíxose como recordo mentres estaba realizando o servizo militar. A foto foi recuperada da casa dun irmán do avó de miña nai, Cesáreo García Fernández, quen a gardaba con moita estima.

JIMENA MARTÍNEZ GARCÍA

CEIP O CASTIÑEIRO

988422014

4ª Certame de Recolle das Imaxes e Podcasts  
do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués



CEIP O Castiñeiro 2021

Nesta fotografía está meu avó de xefe encofrador no ano 1962, cos seus compañeiros de Barcelona en Vallirana, que estaban contruíndo unha fábrica de cemento.

MARTA RIVERO FERREIRA

CEIP O CASTIÑEIRO

988422014



CEIP O Castiñeiro 2021



4º Certame de Recolla das Imaxes e Podcasts  
do Patrimón o Inmaterial Galego-Portugués



Esta fotografía é do ano 1958 no pobo de Matamá, sacada por José Collazos, coñecido como o Tío Retratista De Matamá. Nesta foto tomada saen sete veciñas do pobo, que de dereita a esquerda son as seguintes: Marina Basalo, Carmen Barreal, Josefa Blanco Sobrino, Rosa boo Sobrino, Avelina Garcia, Teolinda Sobrino e Josefa Blanco. Entre estas veciñas atopábase miña avó, Rosa. Esta foto foi tomada por José, xa que era o único que contaba coa facilidade de crear eses recordos que agora tanto queremos, e podemos ver. A foto esta que estou comentando como as outras todas que puido sacar revelábaas no regueiro do pobo.

PABLO DIÉGUEZ ARAUJO

CEIP O CASTIÑEIRO

988422014



